

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE CORUÑA**

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

### **REUNIDOS**

DUNHA PARTE, D. Santiago Villanueva Álvarez, director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), actuando no seu nome e representación en virtude das competencias que ten atribuídas polo artigo 12 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública.

DOUTRA, D. Valentín González Formoso, presidente da Excm. Deputación Provincial de Coruña, actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas partes interveñen na representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lle confiren, recoñecéndose reciprocamente capacidade e lexitimación bastante en Dereito para outorgar e firmar o presente Convenio de Colaboración, e tal efecto

### **EXPOÑEN:**

**I:** Conforme á Lei 1/2007, da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), este Centro é un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Consellería competente en materia de interior e xustiza. Entre outros fins, a AGASP ten encomendada a función de organizar e impartir os cursos de formación continua, perfeccionamento e especialización dos membros dos corpos de policía local e bombeiros, segundo o artigo 3 da devandita Lei, que tamén prevé no seu artigo 5.2 a función de promover relacións de intercambio e colaboración, coas universidades e institucións de Galicia.

**II:** Conforme aos artigos 141 da Constitución Española e 31 da Lei de bases de réxime local, as provincias son entidades locais determinadas pola agrupación de concellos con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que teñen como competencias e funcións propias as de asegurar a prestación integral e adecuada, na totalidade do territorio provincial, dos servizos de competencia municipal, así como participar na coordinación da

Administración Local coa da Comunidade Autónoma ou a do Estado, correspondendo o seu goberno e administración ás correspondentes Deputacións Provinciais.

Deste xeito, a formación e perfeccionamento profesional dos empregados públicos municipais e provinciais constitúe unha importante labor, que ven desenvolvendo a Deputación Provincial de Coruña, e que polo tanto abrangue tamén aos membros dos corpos da policía local, bombeiros e persoal de emerxencias dos distintos concellos desta provincia.

III Demostrada nas dúas exposicións anteriores a existencia de colectivos comúns, aos que se dirixen algunhas das accións formativas de ambas as dúas institucións asinantes, cómpre ter en conta o principio de eficacia que debe presidir a actuación administrativa e que impón aos responsables políticos a optimización de recursos, de tal xeito que permita acadar os obxectivos sinalados co menor custo posible, evitando ademais o solapamento de iniciativas e accións semellantes.

Tendo en conta as anteriores consideracións, ambas as dúas partes coincidindo en que a iniciativa obxecto do acordo é de común interese, conveñen en formalizar o seguinte convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes:

### CLÁUSULAS:

#### **PRIMEIRA: Obxecto do convenio.**

O obxecto do presente convenio é acadar a colaboración entre a Academia Galega de Seguridade Pública e a Deputación Provincial de Coruña na formación dos membros dos corpos da policía local, bombeiros e persoal municipal de emerxencias dos concellos da provincia de Coruña.

Esta formación realizarase mediante cursos sobre temas que sexan de interese profesional para as policía locais, bombeiros e persoal municipal de emerxencias, e que supoñan unha mellora ou actualización para o desempeño das súas funcións, ou en todo caso que permitan unha reciclaxe necesaria para acadar máis eficiencia no seu traballo.

## **SEGUNDA: Organización das actividades formativas.**

A organización dos cursos, xornadas e accións formativas en xeral deberá axustarse aos puntos seguintes:

1. O deseño, estrutura, obxectivos e datas de cada curso serán consensuados por ambas as dúas partes, podendo ser propostos por calquera delas indistintamente.
2. A AGASP, se así se decidira, efectuará a convocatoria no DOG dos cursos recollidos na cláusula primeira, facendo constar que é en colaboración coa Deputación Provincial de Coruña, que pola súa parte pode así mesmo publicitalos do xeito que veña sendo habitual ata agora no seu ámbito territorial.
3. As solicitudes de participación que remitan os/as alumnos/as dirixiranse á Deputación Provincial de Coruña.
4. Os criterios de selección serán os que estableza a Deputación da Coruña para cada convocatoria.
5. Feita a selección pola Deputación da Coruña, confeccionarase unha listaxe de admitidos/as á que se lle dará a publicidade habitual para que cada solicitante saiba que está admitido e poida comunicar a imposibilidade de asistencia ao curso, se así fose.
6. Ao rematar o curso a Deputación da Coruña remitirá á AGASP o listado de persoas que teñen dereito a certificado de asistencia.

## **TERCEIRA: Profesorado, aulas e locais.**

De forma conxunta decidiranse os temas de selección e contratación dos profesores que impartirán as clases, así como os aspectos de infraestrutura sobre determinación das sedes e disposición de aulas e locais.

## **CUARTA: Seguimento, coordinación e control do desenvolvemento dos cursos.**

A Agasp e a Deputación da Coruña realizarán o seguemento e control dos cursos.

Nos diplomas que se expidan ao remate de cada curso ou xornada figurarán ambas institucións, e estarán asinados polo presidente da Deputación de Coruña e polo director xeral da AGASP.

Se algún dos profesores colaboradores solicitase un certificado de ter impartido as clases que lle correspondesen, este certificado poderá ser expedido por calquera das partes, facendo constar que o curso ou xornada foi organizado conxuntamente coa outra.

#### **QUINTA: Financiamento e xestión económica dos cursos ou xornadas.**

O financiamento das actividades formativas desenvolvidas ao abeiro do convenio axustarase ás seguintes regras:

1.- A Deputación Provincial de Coruña sufragará o pago de docentes, horas lectivas, , coordinación e outros gastos de cada curso ou acción formativa, sen que iso supoña gastos imputables a este convenio.

2.- No caso de que algún curso se desenvolva na sede da AGASP non se lle imputará a Deputación da Coruña custe ningún polo uso das aulas nin outros materiais didácticos que se puideran empregar.

#### **SEXTA: Requisitos para a obtención do diploma e réxime disciplinario.**

Ambos aspectos se regularán pola normativa aplicable a Agasp e na Deputación da Coruña para cada tipo de acción formativa, que se especificarán en cada convocatoria.

#### **SÉTIMA: Comisión de seguimento.**

Este convenio será administrado por unha comisión de seguimento composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.

Esta comisión, de acordo co establecido no artigo 49.1.f) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, é o instrumento para o seguimento, vixilancia e control do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes e, exercerá as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.c) e 52.3 da referida Lei.

A AGASP e a Deputación Provincial de Coruña comprométense a resolver por mutuo acordo, no seno desta comisión, cantas diferenzas resulten da interpretación e cumprimento deste convenio, sen

prexuízo da competencia do Orde Xurisdición Contencioso – Administrativo para o coñecemento de todas as cuestións e litixios que puideran xurdir

As xuntanzas da Comisión de Seguimento poderán celebrarse por medios electrónicos.

#### **OITAVA: Vixencia do convenio.**

O presente convenio ten vixencia dende a data da súa sinatura ata un máximo de catro anos de duración prorrogándose de xeito automático por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes da súa finalización, ou da finalización de cada unha das prórrogas. Unha vez rematados os catro anos de duración inicial poderá ser prorrogado, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional de catro anos.

#### **NOVENA: Causas de resolución**

De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 40/2015, mencionada con anterioridade, son causas de resolución do Convenio:

- A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito con tres meses de antelación a data na que desexe a finalización do mesmo.
- O incumprimento das cláusulas do mesmo.
- O mutuo acordo das partes.

#### **DÉCIMA: Modificacións.**

As modificacións formalizaranse mediante *Addenda*, cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio se esixen.

#### **UNDÉCIMA: Publicidade**

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da dita subscripción cos seguintes

datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

#### **DÚODECIMA: Natureza e Réxime Xurídico.**

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, quedando excluído da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co establecido no artigo 4 desa norma.

As discrepancias que xurdan pola aplicación do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima. De persistir as mesmas resolverá o Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, e a Deputación Provincial de Coruña, no ámbito das respectivas competencias, poñendo fin á vía administrativa.

#### **DÉCIMO TERCEIRA: Protección de datos de carácter persoal**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asínase, no lugar arriba indicado.



**POLA ACADEMIA GALEGA  
DE SEGURIDADE PÚBLICA**

**Santiago Villanueva Álvarez**

**Director Xeral AGASP**



**POLA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DE CORUÑA**

**Valentín González Formoso**

**Presidente da Deputación da Coruña**